



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A FEDERACIÓN DE RAZAS AUTÓCTONAS DE GALICIA (BOAGA) PARA A CONSERVACIÓN, DESENVOLVEMENTO E UTILIZACIÓN SOSTIBLE DOS RECURSOS ZOOXENÉTICOS DAS RAZAS BOVINAS AUTÓCTONAS GALEGAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN, DA OVELLA GALEGA, DA CABRA GALEGA, DA GALIÑA DE MOS, E DOS SEUS PRODUTOS DERIVADOS, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias da Consellería do Medio Rural, DECLARA:

Que esta Consellería ten previsto formalizar coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura, o día 27/05/2016 ata o 31/12/2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións da colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zootécnicos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción, da Ovela Galega, Cabra Galega, Galiña de Mos, e dos seus produtos derivados, fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Galicia conta cunha grande diversidade de recursos xenéticos gandeiros autóctonos. A súa explotación sostible e rendible en sistemas de produción de calidade altamente compatibles co medio ambiente, é posible en gran parte pola rusticidade e a gran capacidade adaptativa destas razas. Na actualidade, a conservación e o fomento destes razas debe apoiarse no valor engadido que vai asociado á forma de produción característica das mesmas, cun gran aproveitamento dos recursos naturais pero sen esquecer a protección do medio ambiente. Valor engadido que se estende tamén aos produtos que se obteñen das mesmas, diferenciándoos e incrementando a súa demanda e prezo.

As actividades de recuperación e conservación deste acervo xenético, van a permitir consolidar os resultados obtidos ata o de agora. Compre seguir traballando na conservación destas razas, polo que procede asinar un convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e BOAGA, coas miras postas na recuperación e potenciación da súa variabilidade xenética, diferenciando as súas producións,



contribuíndo á diversificar as actividades económicas no rural e facendo un uso comercial das razas e os seus produtos, pero sen esquecerse do mantemento da biodiversidade.

Este programa xa se iniciou no ano 2010, encadrado na medida 214.2 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2007-2013, aprobado por Decisión da Comisión do 15 de febreiro de 2008, e as súas actuacións volven a estar recollidas especificamente no novo Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia, que pretende fomentar o emprego dos recursos xenéticos autóctonos.

O desenvolvemento deste programa, só é posible coa participación de BOAGA. As asociacións que a integran son as únicas recoñecidas oficialmente pola Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión do Libro Xenealóxico das razas, aglutinan aos criadores e son as únicas que contan coa experiencia, formación e coñecementos necesarios para realizalo. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrência competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zooxenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e BOAGA para establecer as condicións da colaboración para a conservación, desenvolvemento e utilización sostible dos recursos zooxenéticos das razas bovinas autóctonas galegas en perigo de extinción e das razas Ovella Galega, Cabra Galega e Galiña de Mos, fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo a natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 6 de xullo de 2016.

A directora xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias

Asinada dixitalmente,

Belén María do Campo Piñeiro

